



Cultura

* A **Biblioteca Municipal de Boimorto**, pon en marcha o servizo de préstamo de libros electrónicos en castelán e en galego (mediante lectura en liña ou mediante descarga).

Para ser usuario/a debes ter o carné da Biblioteca Municipal de Boimorto (actualizado) ou doutra biblioteca. Se non dispós dirixete ó departamento de Cultura do Concello ou no correo cultura@boimorto.es. Ter un dispositivo compatible (tableta, ordenador persoal, teléfono móbil... e unha conta de correo electrónico. E obter as túas claves de acceso en galiciae.es

* **XI Certame de cantares de reis**, adiantamos que se celebrará o día 3 de xaneiro; polo que animamos a todas as cuadrillas a que se preparen para continuar recuperando e difundindo parte da nosa tradición oral; agradecemento a todas as cuadrillas participantes en anos anteriores o seu esforzo e axuda para levar a cabo este Certame.

* **Cea-Baile de Nadal**. O vindeiro 12 de decembro celebraremos unha cea-baile de Nadal para toda a veciñanza, en breve daremos máis información, polo que, os/as interesados/as que se vaian informando no Centro Social de Maiores ou no Concello.

Belén vivente: este ano realizaremos de novo o Belén vivente na Igrexa de Boimorto, as persoas/nenos/as interesadas/os en colaborar ou participar fágannolo saber a través dos técnicos municipais.

Outono Cultural

Os espectáculos están orientados a todos os públicos:

* **15 de novembro**: Ás 21:00h. na Casa da Cultura. Actuación do Mago Romarís

* **20 de novembro**: Ás 10:45h. no Centro Social de Maiores. Obradoiro de Cestería.

* **22 de novembro**: Ás 19:00 Presentación do Libro "Buenas noches Julia" da autora Enma Pardo, natural de Boimorto, na Casa de Cultura.

Magosto: O venres 7 de novembro a partir das 21:30 h. na Telleira de Boimil, podedes anotarvos ata o martes 4 de novembro no Concello. O prezo é de 6 € por persoa (maiores de 12 anos). Despois da cea contaremos cun dúo musical.

Programa Clara

* Desde este mes inicia a súa andaina o **Programa CLARA para mellorar a empregabilidade das mulleres** no concello de Boimorto, este programa vai dirixido a todas as mulleres desempregadas ou en mellora de emprego de Boimorto que queiran atopar un traballo ou mellorar no mesmo.

O programa terá dúas fases: unha primeira na que se traballarán aspectos persoais e motivación para o emprego e, unha segunda na que se organizarán cursos de formación ocupacional atendendo ós intereses propios das mulleres que participen no programa e á realidade da comarca.

O **prazo de inscrición rematará** o venres **14 de novembro**, e podedes facelo desde XA MESMO. Para máis información podedes: achegarvos ó concello (estamos na planta baixa), chamado ao teléfono 981 51 60 75 (preguntar por Esperanza), ou ben poñervos en contacto co programa enviando un correo electrónico a programaclara@boimorto.es

Este programa desenvólvese en colaboración co Instituto da Muller e para a igualdade de oportunidades e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo "Loita contra a discriminación 2007-2013".



Xuventude

Agradecemento a todos os beneficiarios/as da subvención programa Servizo Voluntariado Xuvenil 2014, pola súa colaboración en diferentes áreas e servizos deste Concello.

Axente de emprego

- REAPERTURA DA OFICINA DE FOMENTO COOPERATIVO DA AGRUPACIÓN DE SOBRADO (Sobrado, Toques, Vilasantar, Boimorto e Curtis)

Dende o día 3 de Outubro volve estar aberta, ten a súa sede no Concello de Sobrado.

O seu obxectivo é dar servizo e apoio ás iniciativas de fomento do cooperativismo e a economía social no ámbito territorial dos concellos de Sobrado, Toques, Vilasantar, Boimorto e Curtis. Máis información no Concello de Sobrado ou no correo electrónico: mariapilar.varela@sobrado.dicoruna.es

"XORNADAS DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO NO ÁMBITO SOCIAL"

A oficina de fomento cooperativo da Agrupación de Sobrado, coa colaboración do Concello de Boimorto vai organizar unhas xornadas de fomento do cooperativismo no ámbito de servizos sociais, ós asistentes faráselle entrega dun diploma que acredite a súa participación expedido pola Xunta de Galicia. Será no Centro social municipal de maiores do Concello de Boimorto o 11/11/14 en horario de mañá de 10:30 a 12:30. Para inscribirse: Concello de Boimorto a través da Técnica de Emprego 981516020.

Deportes

SAÍDAS Ó BALNEARIO. O programa está destinado exclusivamente a persoas residentes no municipio. **Horario:** 18 e 25 de novembro saída ás 15:30 do Centro de Maiores. **Prezo:** Gratuíto. Prazas limitadas!!. Anotarse na Casa do Concello ou no Centro de Maiores.



Obras

- Colocación de equipamentos térmicos de biomasa no Centro social municipal de maiores e na Casa Consistorial (subvención AGADER), que conleva o uso dunha enerxía renovable e inagotable, cun custe económico moito menor.
- Mellora de eficiencia enerxética en alumeados públicos no Concello de Boimorto, no que se renovarán as instalacións públicas exteriores para un maior aforro enerxético (subvención Inega).
- Reparación da rede de saneamento na rúa Gándara.
- Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo, Buazo, Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Ánxeles e Corneda (subvención DTC Deputación); realizaranse bacheos, limpeza de cunetas e acondicionamento de rasantes e alineacións.
- Convenio coa Deputación para a mellora do acceso, da seguridade e do aparcamento nas prazas públicas do Centro de Saúde, da Casa Consistorial e do Albergue de peregrinos.

O IBI (Imposto de Ben Inmobles: rústica e urbana) está en período de cobro ata o 20 de novembro.

Proposta de actividades/cursos para adultos 2014 – 2015

- * **DE COIRO.** Luns de 17:00 a 18:30 ou de 20:00 a 21:30. **PREZO:** 15 €/ mes (gastos de material aparte)
- * **DE LABORES A MAN.** Martes e Venres de 20:00 a 22:00 **PREZO:** GRATUÍTO
- * **DE MANUALIDADES.** Mércores de 17:00 a 19:00 ou de 20:00 a 22:00. **PREZO:** 20€/ mes (gastos de material aparte)
- * **DE COCIÑA.** Xoves de 5 a 7:00 da tarde ou de 8 a 10:00 da noite. **PREZO:** 20 €/mes.
- * **DE TAPICERÍA, BRICOLAXE E RESTAURACIÓN.** Xoves de 17:00 a 18:30 ou de 20:00 a 21:30. **PREZO:** 22 €/mes (* gastos e material a parte)
- * **DE BAILES DE SALÓN.** Sábado de 16:00 a 18.00. **PREZO:** 8 € ao mes

INSCRICIÓNS: A partir do 1 novembro ata o 14 de novembro para o seu comezo na semana do 17 de novembro. Aquelas actividades que non teñan suficientes alumnos/as serán eliminadas. Os horarios poden sufrir variación en función da demanda das mesmas.

- * Para maiores de 16 anos
- * Mínimo de 10 anotados para cada actividade, o prezo de cada actividade é orientativo, dependendo do número de inscritos/as.. Os horarios pódense adaptar segundo a necesidade.
- * Os cursos serán realizados por persoal cualificado e con anos de experiencia.
- * Para máis información chamar ó concello (preguntar por Sylvia) ou ben no 620 082 914
- * A realizar no Centro Social de Maiores, salvo no caso de formar grupo nunha parroquia e poderíase organizar alí